



INFORMACIÓN PARA ANPA IES MILLADOIRO

O Club de Patinaxe Artística Omega (CPA Omega) creouse no mes de xuño do ano 2013 no Milladoiro (Ames). Trátase dunha entidade privada sen ánimo de lucro que se constituíu para responder á demanda de patinaxe profesional no concello, despois de varios anos de intensa actividade das escolas deportivas municipais.

A patinaxe artística conta con seis modalidades deportivas: 1) patinaxe libre ou individual, 2) parellas de artístico, 3) parellas danza, 4) solo-dance, 5) figuras obrigatorias e 6) grupos de show. En todas elas @s deportist@s teñen que interpretar unha canción ao tempo que executan os elementos técnicos que serán puntuados por un xurado (saltos, figuras, piruetas, formacións, ...)

No seu inicio, o CPA Omega ofertaba dúas modalidades, “**grupo show**” e “**individual**”, destinadas á participación en competicións. Logo dun ano de traballo, o club iniciou o adestramento na modalidade de “**figuras obrigatorias**”.

A **modalidade de show** combina a patinaxe artística e a danza para, a través dunha coreografía grupal, interpretar unha idea ou tema.

Inclúe catro categorías:

- grupos pequenos (integrados por 6 a 12 deportistas de máis de 12 anos),
- grupos grandes (a partir de 16 integrantes de máis de 12 anos),
- grupos xuvenís (se os patinadores/as teñen entre 12 e 17 anos),
- cuartetos (catro patinadores)

A **modalidade de individual** consiste en executar con precisión, elegancia e corrección figuras, saltos e piruetas integrándoas na coreografía. A patinaxe individual divídese en tres etapas: niveis, segunda categoría e primeira categoría.

O CPA Omega conta con catro grupos de adestramento. Un grupo que practica a modalidade de **show**, dous grupos que patinan na categoría de **individual** e un **grupo de iniciación** formado por nenos e nenas de idades comprendidas entre 3 e 7 anos aos que se lle da a oportunidade de iniciarse na patinaxe de forma temperá. Ademais o club oferta **cursos de adultos** durante o mes de xuño.

O CPA Omega conta con horas de adestramento en:

- IES de Milladoiro. Pista de cemento.
- Pavillón Municipal de Milladoiro. Pista de cemento e Sala de Espellos para danza.

O horario para o curso 2015/2016 é o seguinte:

**HORARIO CLUB PATINAXE ARTISTICA OMEGA CURSO 2015-2016
(IES MILLADOIRO/PABELLÓN MUNICIPAL)**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	SÁBADO
10:00 - 12:00						INDIV Grupo 1 (blue) / INDIV Grupo 2 (green)
12:00 - 14:00						SHOW (pink)
16:00 - 16:30					SHOW (pink)	
16:30 - 17:00	INDIVIDUAL Grupo 1 (green)		INDIVIDUAL Grupo 1 (green)		SHOW (pink)	
17:00 - 17:30			INDIVIDUAL Grupo 1 (green)			
17:30 - 18:00	INDIVIDUAL Grupo 2 (blue)					
18:00 - 18:30	INDIVIDUAL Grupo 2 (blue)					
18:30 - 19:00			INDIVIDUAL Grupo 2 (blue)		INDIV grupo 1 (blue) / INDIV grupo 2 (green)	
19:00 - 19:30	INICIACIÓN (yellow)		INDIVIDUAL Grupo 2 (blue)	INICIACIÓN (yellow)		
19:30 - 20:00	INICIACIÓN (yellow)					
20:00 - 20:30	SHOW (pink)		SHOW (pink)			
20:30 - 21:00	SHOW (pink)		SHOW (pink)			
21:00 - 21:30						

GRUPO INICIACIÓN: Luns e xoves de 19.00 a 20.00
GRUPO 1 INDIVIDUAL (PRECOMPETICIÓN): Luns de 16.30 a 17.30 / Mércores de 16.30 a 18.30 / Sábados de 10 a 12.
GRUPO 2 INDIVIDUAL (COMPETICIÓN): Luns de 17.30 a 19.00 / Mércores de 18.30 a 20.00 / Sábado de 10 a 12.
GRUPO SHOW: Luns e mércores de 20.00 a 21.30 / Venres de 16.00 a 18.00 / Sábado de 12 a 14.
ESCUELA: Venres de 18.30 a 20.30 (no pabellón municipal)